

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 33360 (10/POC-005207)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a redacción da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.2 33518 (10/POC-005244)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis
Sobre o desenvolvemento do Plan de sendas de Galicia na comarca de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.3 33585 (10/POC-005260)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre a concesión de subvencións segundo o establecido na Orde do 25 de abril de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.4 33606 (10/POC-005266)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as condicións das axudas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.5 34037 (10/POC-005372)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego para facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

1.6 34637 (10/POC-005484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns polas que segue inoperante a base de helicópteros de Vilanova, no Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Punto 2. Proposición non de lei

2.1 31189 (10/PNC-002518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a elaboración e execución polo Goberno galego no ano 2018, en colaboración cos concellos de Pontevedra e Soutomaior, dun proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación do contorno da ponte medieval de Ponte Sampaio, así como un proxecto integral de mellora da estrada PO-264 entre o cemiterio e esa ponte

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2018 12:45:58

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33360(10/POC-005207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a redacción da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 28 de xuño do 2018 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

Estas axudas atenden principalmente dúas liñas:

a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas. Con contías de acuda dun 40 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Para aqueles con máis de 65 anos, esta axuda será do 50 %.

b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas. A contía da axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A renda mensual da vivenda obxecto do contrato de alugamento non poderá superar, segundo se explicita no artigo 6, os seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	O resto de concellos de Galicia.

No artigo 11 do Plan estatal de vivenda en referencia ás persoas beneficiarias se especifica no seu apartado d) que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento o sexa por unha renda igual ou inferior a 600 euros mensuais, sen prexuízo dos supostos previstos no artigo seguinte.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No artigo 12, que fai referencia á “Modificación del límite de ingresos de la unidad de convivencia y de la renta máxima mensual”, di que “As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán reducir nas convocatorias de axudas o límite máximo de ingresos da unidade de convivencia e a renda máxima mensual establecidos no artigo anterior, en función das circunstancias demográficas ou económicas e de hacinamento ou sobreocupación que a seu xuízo o aconsellen. Ase mesmo, poderán fixar un límite mínimo de ingresos que deba acreditar a unidade de convivencia para acceder á axuda “

Polo tanto , no caso de Galicia, o límite de renda máxima habitual de 600 euros mensuais foi reducida por decisión da propia Xunta de Galicia a un máximo de 500 euros mensuais, sen que se teña claro o porqué desta decisión , especialmente nas cidades con maior demanda e alugueiros máis altos.

Se atendemos ós prezos medios de alugueiro de vivendas en Galicia, do primeiro trimestre do 2018, nas principais cidades, son os seguintes:

Pontevedra: 5,9 €/m²

Vigo: 8,3 €/m²

Ourense: 5 €/m²

A Coruña: 7,2 €/m²

Santiago: 5,8 €/m²

Lugo: 4,8 €/m²

Se atendemos a eses prezos medios e superficies máximas para alugar, vese como na cidade de Vigo, unha persoa pode optar como máximo a unha vivenda de 60 metros cadrados, mentres que na cidade de Ourense a vivenda media sería de 100 metros cadrados.

Na cidade de Vigo, unha vivenda de 80 metros cadrados ten un custo medio de 664 €. O que excede, con moito, incluso a posibilidade que contemplan as bases das axudas de incrementar un 20 % a contía



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

máxima para familias numerosas ou integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros, e que como máximo se situaría en 600 €.

Isto dá boa idea das marcadas diferencias entre cidades, e sobre todo a falta de realismo coa situación que se vive nas dúas grandes cidades de Galicia, Vigo e A Coruña.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os motivos polos que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda rebaixaron o límite máximo de renda mensual de alugueiro nas principais cidades e vilas de Galicia?
2. Que propiciou que dos 600 € máximos estipulados polo Plan estatal de vivenda en Galicia, estas cantidades, se rebaixen en 100 € en todos os casos?
3. Qué condicións especiais valorou a Xunta de Galicia nesta ocasión e que non a levou a marcar o límite de convocatorias anteriores nas que os 600€ eran o importe para as rendas máximas de alugueiro?
4. Entende este Goberno que unha familia ou cidadán que opte a este tipo de axudas ten dereito a que as vivendas ás que opte reúnan condicións dignas de habitabilidade?
5. Considera que os prezos medios de alugueiro dunha cidade ou vila se corresponden cos niveis medios de calidade do total do parque de vivendas ofertado?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33360
Data envío: 11/07/2018 14:31:42.214



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Entende o Goberno que existen dúas cidades, como son Vigo e A Coruña con prezos medios de alugueiro entre o 20 e o 30 % máis elevados que o resto de cidades do mesmo grupo?
7. Contemplan, segundo eses datos, que cando menos as cidades de Vigo e A Coruña deberan ter unha consideración especial e aumentar o máximo de límite de renda mensual de alugueiro para poder optar ás axudas ofertadas?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 14:28:12

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 14:28:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 14:28:24

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33518(10/POC-005244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis

Sobre o desenvolvemento do Plan de sendas de Galicia na
comarca de Vigo

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33518
Data envío: 17/07/2018 11:26:24.116

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M^a Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o Goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre sete comarcas de Galicia, entre elas a comarca de Vigo, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redunda tamén no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas da comarca de Vigo, na que a Xunta programou a execución de aproximadamente 12,5 quilómetros de novas sendas, en concellos como Baiona, Porriño, Mos, Nigrán ou Gondomar. Coñecemos, ademais, que no caso concreto desta comarca de Vigo o desenvolvemento do Plan de Sendas está avanzado.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que estado de desenvolvemento se atopan as actuacións recollidas no Plan de Sendas para a Comarca de Vigo ?
2. Cantos itinerarios están xa rematados e cal é o estado das outras actuacións previstas no marco do Plan para a comarca de Vigo?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33518
Data envío: 17/07/2018 11:26:24.116**

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2018 11:13:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/07/2018 11:13:24

Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:13:32

Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:13:41

Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:13:48

Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:13:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:14:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:14:17

Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:14:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33585(10/POC-005260)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre a concesión de subvencións segundo o establecido na
Orde do 25 de abril de 2018

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

O venres 4 de maio o DOG publicaba as bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018. Unhas axudas en réxime de concorrencia non competitiva que, polo mesmo, se resolven de acordo á orde de rexistro das solicitudes presentadas e ata o esgotamento do crédito dispoñible.

O crédito total desta liña de subvencións era de 4.381.543 euros, divididos en 2.882.373 euros para o ano 2018 e 1.499.170 para o ano 2019, e dispúñase unha axuda máxima por concello de 500.000 euros co IVE incluído.

A convocatoria para a presentación de solicitudes abriuse ás 00:00 horas do día 5 de maio. E a última solicitude que puido ser concedida antes do esgotamento total do crédito tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia ás 00:12:18 horas, como consta na “Resolución de 6 de xullo de 2018 pola que se dá publicidade ao esgotamento do crédito da Orde de 25 de abril de 2018 (DOG de 4 de maio), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018.”

Non nos parece acaído este sistema de adxudicación das subvencións, xa que consideramos máis xusto que se faga a través da baremación de méritos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:58
Nº Rexistro: 33585
Data envío: 18/07/2018 10:58:52.424



Cando menos a Xunta de Galicia tiña que ter ampliado o crédito.

Todo isto provoca sospeitas de que non se trate a todos os concellos por igual en función da súa cor política.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

Considera o mellor xeito de conceder subvencións o escollido na Orde de 25 de abril de 2018 (DOG de 4 de maio), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/07/2018 10:55:14

Luis Villares Naveira na data 18/07/2018 10:55:21

Marcos Cal Ogando na data 18/07/2018 10:55:29

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 33606(10/POC-005266)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as condicións das axudas á mocidade para o alugamento
de vivenda habitual e permanente

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Julia Torregrosa Sañudo, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 2.ª**

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios á cidadanía, sobre todo nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico, porque é alí onde se concentra a maior actividade económica. A maior tendencia ao aluguer débese, en parte, a un cambio de mentalidade provocado pola última burbulla inmobiliaria, pero tamén á diminución da capacidade adquisitiva, á maior reticencia dos bancos a conceder hipotecas e ao aumento da mobilidade laboral derivado da precarización do emprego. Entre as razóns que explican a subida dos prezos, cómpre sinalar a diminución do número de inmobles destinados a arrendamento ordinario, xa que cada vez son máis os propietarios e propietarias que prefiren alugar as vivendas só a turistas a través de plataformas como Airbnb.

No último ano, os alugueres subiron en Galicia preto dun 8%, situándose na contorna do 5,7 euros por metro cadrado, unha subida que supera amplamente a dos salarios. Segundo o INE, a subida dos alugueres triplica a das nóminas. Nalgunhas cidades, a situación é aínda peor. En Vigo os alugueres subiron un 14%. Na Coruña, o 13%. No resto das cidades, supera o 10%. Pero o crecemento dos salarios foi de aproximadamente o 3%.



Así, Vigo é a cidade que sofre os prezos máis altos, con alugueres que, en febreiro de este ano, eran de 8,5 euros por metro cadrado. Síguela A Coruña, con 7,6 euros, Santiago, con 7, Pontevedra, con 5,8, Ourense, con 5,2, e Lugo con 5. Fora das sete cidades, atopamos vilas onde a situación é aínda peor, como Sanxenxo, onde o prezo dispárase ata os 11 euros por metro cadrado.

A subida dos prezos do aluguer explícase polo aumento da demanda e a diminución da oferta. Nos municipios de menos de 20.000 habitantes aínda hai pisos dabondo e os prezos permanecen estables, pero nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes a demanda de alugueres disparouse nos último nove anos (pasou dun 7,8% a máis dun 14%). O aumento do aluguer foi tan drástico que nun so ano pasou de haber 7.000 inmobles dispoñibles a 4.200.

Como resultado do aumento dos prezos, as familias galegas cada vez teñen que dedicar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a pagar o aluguer. O 36% dedica entre o 10% e o 20% do que gaña, pero é que o 25% dedica máis do 30%.

O escenario é complexo pero pode complicarse aínda máis o presenta ano, xa que van vencer moitos contratos e os propietarios van ter liberdade para poñelos no mercado tras revisar os prezos á alza.

A situación é moi delicada para o conxunto da cidadanía, pero moi en particular para a mocidade, que foi a gran prexudicada durante a crise e o continúa sendo agora que a recuperación comeza a despuntar. Isto refléxase de maneira moi clara nas súas propias expectativas.

Segundo o IV Informe Young Business Talents sobre actitudes e tendencias dos mozos preuniversitarios españois, elaborado polo ESIC e Praxe MMT, os mozos e mozas galegos son os máis pesimistas de España en canto ao emprego para o seu colectivo. Menos do 40% dos estudantes considera que a situación mellorará nos próximos cinco anos, fronte o máis do 47% da media estatal. Isto explica,



entre outras cousas, que a mocidade galega sexa a cuarta máis predisposta do Estado a mudarse fora do país para atopar traballo.

Se queremos que a mocidade faga a súa vida na nosa terra, temos que mudar isto, prestándolle a axuda que precisa para que poida desenvolver os seus proxectos de futuro. E iso pasa, necesariamente, por facerlle accesible a vivenda.

Recentemente, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda convocou axudas á mocidade para o aluguer de vivenda habitual e permanente, unha medida que teríamos que celebrar e que, non obstante, vémonos na obriga de criticar. As axudas son insuficientes e as condicións non permiten satisfacer as necesidades da mocidade.

Vexámolo cun exemplo concreto. Supoñamos que unha unidade de convivencia formada por unha parella conta cuns ingresos mensuais de 600 euros e que a súa vivenda ten un aluguer de 350 euros. O importe máximo da axuda da Consellería de Infraestruturas é do 50% da renda mensual. A parella percibiría, no mellor dos casos, 175 euros, pero aínda tería que pagar outros 175, polo que os seus ingresos mensuais veríanse reducidos, tras descontar o aluguer, a 425 euros. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que unha parella nova pode ter unha vida digna e desenvolver o seu potencial na nosa terra con eses cartos?

Ademais estas axudas ignoran unha realidade que cada día está máis presente no noso País que é a de compartir piso por persoas traballadoras precarias que non teñen ningún outro vínculo e niveis de rendas moi diferentes, polo que habería que camiñar cara unhas axudas que tiveran en conta esta situación e foran máis individualizadas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 13:58
Nº Rexistro: 33606
Data envío: 18/07/2018 13:58:33.718



Polo exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

- En que datas se basea a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para decidir as condicións das axudas á mocidade para o aluguer de vivenda habitual e permanente?
- Por que se limita a contía máxima da axuda ao 50% da renda mensual?
- Non lle parece insuficiente 500 euros de prezo máximo para algunhas cidades onde o prezo da vivenda encareceuse moito no último período?
- Valora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda facer unhas axudas máis individualizadas atendendo á nova situación de compartimento de vivendas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/07/2018 13:55:22

Julia Torregrosa Sañudo na data 18/07/2018 13:55:30

Marcos Cal Ogando na data 18/07/2018 13:55:38

Antón Sánchez García na data 18/07/2018 13:55:44

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 34037(10/POC-005372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego para facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No mes de febreiro deste ano reuníanse o vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra, coa fin de tratar o asunto de financiamento do proxecto de estación intermodal para a cidade.

O proxecto de estación intermodal xa vén de vello. Consiste en acadar que Pontevedra teña conexión entre as estacións de trens e autobuses, ademais da unión desta segunda estación coa nova avenida Josefina Arruti a través dun ramal e da creación dun gran espazo con aparcamento para dar servizo entre as dúas estacións. Polo visto, a proposta da Xunta de Galicia é a instalación dunha pérgola de conexión peonil duns 100 metros (descartando entón un túnel ou unha pasarela elevada).

A cuestión está en que o Goberno galego axude a cofinanciar, xunto co concello, esta obra. Mais dende o mes de febreiro nada se sabe e ocorre que o Proxecto de lei de orzamentos do Estado nada di e a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia só destina 100.000 euros en 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que novidades hai do contido da reunión que no mes de febreiro mantiveran o vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra, coa fin de tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para a cidade?
2. Como ten previsto o Goberno galego facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 34037
Data envío: 01/08/2018 10:19:50.093



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Desbota absolutamente o Goberno galego as opcións dun túnel ou unha pasarela elevada?
4. Pensa o Goberno galego que a intermodalidade só poderá ser efectiva cando existan horarios e billetes únicos? Para cando ten previsto esta posibilidade?
5. En que partida orzamentaria da Lei de orzamentos para 2017 incluíu o Goberno galego este proxecto de 3 millóns de euros a asumir pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/07/2018 13:22:12

Raúl Fernández Fernández na data 31/07/2018 13:22:19

María Luisa Pierres López na data 31/07/2018 13:22:23

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 34637(10/POC-005484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns polas que segue inoperante a base de
helicópteros de Vilanova, no Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 17/08/2018 11:38:34.248

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao incumprimento do Goberno galego dos compromisos de reapertura da base de helicópteros de Vilanova no Barco de Valdeorras.

O pasado 14 de xuño de 2018 o Bloque Nacionalista Galego impulsou un acordo unánime no Parlamento Galego na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos relativo á necesidade da reapertura da base de helicópteros que a Xunta de Galiza pechou sen aviso no ano 2017.

Dito acordo constaba co seguinte texto: «O Parlamento de Galiza insta a Consellería do Medio Rural a que, unha vez finalizadas as xestións cos respectivos propietarios dos terreos e demais entes implicados, para efectos de declarar o seu uso exclusivo, reabra de xeito inmediato a base de helicópteros de Vilanova (O Barco) para o seu uso nesta temporada de incendios.»

Repetidamente membros do Partido Popular e membros do Goberno galego teñen aseverado nas súas respostas aos medios de comunicación a “inmediatez” coa que irían comezar unhas obras que, no momento de asinarse esta iniciativa e pasado o ecuador da tempada de risco de incendios, nin sequera comezaron.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que a Xunta de Galiza estivo a demostrar nesta cuestión unha actitude absolutamente negligente. Primeiro, ao pechar

sen explicacións até que houbo demanda sindical e política esta base; segundo, ao non explicar de forma transparente os motivos de tal peche; terceiro, ao mentir reiteradamente sobre a previsión de reapertura; cuarto, ao nin sequera comezar o seu acondicionamento antes do 15 de agosto.

A base da que falamos pertence ao Distrito Forestal XIII de Valdeorras–Trives, en concreto á demarcación de Valdeorras 1 que abrangue o Barco de Valdeorras, O Bolo, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras. Próximo a a outras demarcacións do distrito, como son: Demarcación de Terra de Caldelas: concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira; demarcación de Terra de Trives: concellos de Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río; e demarcación de Valdeorras 2: concellos de Carballeda de Valdeorras e A Veiga. Doutra banda, á súa vez está próxima a outros distritos delicados, como é o distrito Forestal XIV. Verín–Viana. En síntese, unha ferramenta fundamental para responder ás necesidades dun abano xeográfico amplo e complexo que precisa ser atendido como corresponde.

Máis aínda, cómpre recordar que Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas. Tamén con condicións sociais e económicas, como o abandono do rural, o despoboamento ou as dificultades de conexión, que deben ser tidas en conta e sobre as que hai que actuar para reducir a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Ademais, a ubicación desta base é estratéxica, moi próxima a zonas de grande valor ambiental e complexidade xeográfica, como o Teixadal de Casaio, a Serra do Eixo, o Parque Natural Serra de Enciña da Lastra ou a proximidade ao Macizo central.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel esta situación e que ademais a Xunta de Galiza ten aínda que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 17/08/2018 11:38:34.248

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Por que a Xunta de Galiza incumpre os acordos parlamentares?

-Cales son as razóns de non ter operativa a Base de Vilanova na tempada 2018 despois da vaga de lumes de 2017 e despois de ter afirmado que sería unha cuestión a superar nese ano?

-Que tipo de obras son ou foron precisas na base para a súa paralización en tempada de alto risco?

-Por que non foi posíbel desenvolverlas antes?

-Que actuacións se teñen desenvolvido desde xullo de 2017? con que custo económico?

-Cal é o estado das obras? Cando está previsto o remate?

-En que data se desenvolveu a última operación na base?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que estaban garantidas as condicións de seguridade, especialmente de traballadores e traballadoras?

-En que data volveu ou volverá operar nesta base un helicóptero de prevención de incendios?

-Tivo repercusións na atención dalgún incendio na tempada 2018 o feito de non ter operativa a base?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 17/08/2018 11:38:34.248

-Tivo algún uso na tempada 2018 anteriormente do 15 de agosto o edificio ubicado na base? Cal? E posteriormente? Que previsión hai para este edificio? Está en condicións de ser empregado?

-Que actuacións se levaron ou van levar a cabo no chan do recinto?

-Continúa ou vai continuar abandonada unha motobomba no recinto de Vilanova? Coñece a Xunta de Galiza a motobomba referida, abandonada durante anos?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/08/2018 11:34:05

María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2018 11:34:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 17/08/2018 11:38:34.248

Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2018 11:34:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/08/2018 11:34:22

Olalla Rodil Fernández na data 17/08/2018 11:34:26

Ana Pontón Mondelo na data 17/08/2018 11:34:29

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposición non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31189(10/PNC-002518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a elaboración e execución polo Goberno galego no ano 2018, en colaboración cos concellos de Pontevedra e Soutomaior, dun proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación do contorno da ponte medieval de Ponte Sampaio, así como un proxecto integral de mellora da estrada PO-264 entre o cemiterio e esa ponte

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189
Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela, constituindo un dos principais fitos desta rota pola beleza do conxunto formado polo río e a ponte.

2. A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de realización de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.

- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso renovar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189

Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.

- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.

- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrós.

3. A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación, mantemento e reforma é competencia da Xunta de Galiza. No paso desta estrada polo núcleo urbano de Ponte Sampaio existen numerosas deficiencias en materia de seguranza viaria, accesibilidade e mobilidade peonil, polo que resulta necesario que a administración autonómica desenvolva unha actuación integral de mellora que contemple, por unha parte, o treito comprendido entre o centro de saúde e a ponte medieval, e, por outra, o treito entre o centro de saúde e o cemiterio. Como exemplo do deficiente estado do vial pódese salientar a ausencia de pasos de peóns, a deficiente sinalización, a ausencia de beirarrúas nalgúns treitos, a existencia de beirarrúas que non cumpren a normativa vixente, e a abundancia de barreiras arquitectónicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189

Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

1. Elaborar e executar, no presente ano 2018, en colaboración cos concellos de Pontevedra e Soutomaior, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio.

2. Elaborar un proxecto integral de mellora da estrada PO-264 entre o cemiterio e a ponte medieval de Ponte Sampaio. Neste proxecto priorizaranse as actuacións encamiñadas a mellorar a seguranza viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil.”

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2018 17:18:46

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2018 17:18:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189

Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/05/2018 17:18:57

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2018 17:18:58

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2018 17:18:59

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2018 17:19:04